

RELACIÓN PROVISIONAL DAS SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS XUNTO COAS CAUSAS DE EXCLUSIÓN DO PROGRAMA + BENESTAR NO ANO 2026

De conformidade co establecido na base décimo segunda das bases reguladoras do programa, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicárase a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas, xunto coas causas de exclusión destas últimas, na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Unha vez publicada a citada lista provisional, as persoas interesadas terán un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que falte; transcorrido este, publicárase o anuncio da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e a lista definitiva na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Figura asinada no expediente da convocatoria a relación provisional de solicitudes cas persoas integrantes de cada solicitude, que resultaron admitidas e excluídas, e motivo de exclusión (CSV: 1IG5EIH51YZQ6XXP)

Esta resolución notificarase as persoas solicitantes a través da súa publicación na páxina Web da Deputación de Pontevedra; así mesmo, de conformidade co establecido no apartado sétimo das bases reguladoras, enviarase unha mensaxe de texto ao número de teléfono móbil indicado para que as persoas solicitantes consulten o estado da súa solicitude.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>

A presente publicación non xera dereito ningún e pode xerar posibles axustes resultantes da presentación de documentación ou alegacións.



Unha vez resoltas as alegacións ou a comprobación de datos aportados, o servizo instrutor formulará proposta de resolución definitiva que someterá a aprobación do órgano competente que resolverá a convocatoria, sendo publicado o anuncio de data de sorteo na páxina Web, tendo este efectos de notificación.

Asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

